

# **Tema 10. O S. XX. A ARTE NA PRIMEIRA METADE DO S. XX. O EXPRESIONISMO**

## **AS OBRAS OBJECTO DE ESTUDIO para as ABAU**

1. Munch: *O berro.*
2. Kiechner: *A rúa.*
3. Matisse: *A Alegría de Vivir.*
4. Kandinsky: *Primeira acuarela abstracta.*
5. Picasso: *As doncelas de Avignon.*
6. Picasso: *O retrato de Ambroise Vollard.*
7. Piicasso: *Natureza morta con cadeira de reixa.*
8. Picasso: *O Gernica.*
9. Mondrian. *Táboa número 1.*
10. Marcel Duchamp: *A fonte.*
11. Marcel Duchamp: *L.H.O.O.Q.*
12. Dalí: *A persistencia da memoria.*
13. Fidra Kahlo: *A columna rota.*
14. Maruja Mallo: *A verbena.*
15. Magritte: *A chave dos campos.*

# CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

A primeira metade do s. XX vén marcada pola inestabilidade política, social e cultural, onde destacan acontecementos coma as 2 Guerras Mundiais, a crise económica dos anos 30 (A Gran Depresión), o ascenso dos fascismos, así como os avances tecnolóxicos, que tiveron un grande impacto na arte.

A principios do s. XX os artistas buscaron rachar cos cánones tradicionais, na busca de novas formas de expresión que lles axudasen a reflectir esa sociedade tan complexa e cambiante que estaban a vivir.


A inestabilidade levounos a experimentar con novos materiais, técnicas e linguaxes artísticas, o que se concretou na consolidación das primeiras vangardas de principios de século XX. Boa proba disto serían movementos artísticos coma o Expresionismo (orixinado en 1905 en Alemaña), o Cubismo, o Dadaísmo ou o Surrealismo. Por exemplo, o Expresionismo buscaba representar os estados emocionais do ser humanos. Pola súa banda, o Cubismo (xurdido en Francia dous anos despois) rachaba coa pintura tradicional a través de representacións xeométricas, coas que tentaba amosar a complexidade e fragmentación da sociedade do momento. O Dadaísmo (Alemaña, 1916) estivo influenciado polo contexto histórico, amosando o desencanto dos artistas tras a Primeira Guerra Mundial. Mais por outra banda tamén xurdirían outros movementos coma o Surrealismo (anos 20), o Futurismo, o Construtivismo, o *De Stijl* e o *Bauhaus*, cada un coas súas propias características e obxectivos.

O desenvolvemento do capitalismo, o consumo de masas, os avances tecnolóxicos con produtos que chegan a grandes masas (o automóbil, a televisión, o avión, etc.), e a consecuinte crise da bolsa americana (crac do 29) coa conseguente crise económica mundial, tamén tiveron un profundo impacto na sociedade e na arte.

Estes movementos artísticos que se desenvolveron no s. XX tiveron en común unha apertura maior, abandonando a exclusividade das elites. Unha arte máis aberta para unha poboación á que se lle representaba o mundo cambiante.

A través da arte, as/os artistas buscaron o xeito de representar as fortes emocións que impregnaban un mundo en continua transformación. Reflicten a angustia e a ansiedade que dominaban nos círculos artísticos e intelectuais da época, apostando por dar prioridade os sentimentos na arte fronte a unha simple descrición e representación da realidade.

# 1. O be-rro



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** O berro
- **LOCALIZACIÓN:** Galería Nacional de Oslo, Noruega.
  - Existen varias versións da obra. Tamén realizou unha litografía co mesmo título.
- **AUTOR:** *Edvard Munch* (1863 - 1944)
- **TEMÁTICA:** alegórico.
- **ESTILO:** Pintura expresionista.
- **CRONOLOXÍA:** 1893. s. XIX.
- **DIMENSIÓNS:** 91 x 73,5 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** obra referente do expresionismo. Icona cultural a partir da Segunda Guerra Mundial.
- **OUTRAS OBRAS:** *Melancolía; A tempestade, Ansiedade.*

## O expresionismo

O EXPRESIONISMO é un movemento que quere plasmar a angustia do home deformando a realidade para conseguir conmover ao espectador.

En senso extenso falamos do "expresionismo" de Goya nas Pinturas Negras ou do Greco na súa última etapa. Mais nun sentido máis restrinxido o termo expresionismo designa a obra de pintores, fundamentalmente alemáns entre 1910 e 1920 (James Ensor, E. Munch, Emil Nolde, etc.), que pintaron nunha década marcada pola I Guerra Mundial coas súas consecuencias (máis de 15 millóns de mortos), que conmoveron as consciencias dos artistas europeos e xerou unha sensación de angustia que se reflicte na arte e a literatura.

O movemento expresionista ten tamén manifestacións na escultura, na arquitectura, na literatura ou mesmo no cinema.

As principais características do movemento expresionista son:

1. **Perspectiva negativa da realidade:** Os artistas miran a realidade con escepticismo e desconfianza, reflectindo as contradicións da modernidade.
2. **Percepción do individuo como impotente:** O individuo é un ser dependente dos acontecementos, carente de sustancia e sometido á mediocridade do sistema.
3. **Representación da esencia do individuo contemporáneo:** Buscar representar a esencia, rexeitando a mera representación das aparencias. Cultiva o drama, a subxectividade e a expresión dos sentimentos humanos, especialmente a decepción, o terror, a angustia, a soldade, a miseria humana e a incredulidade.
4. **Predominio do instinto sobre a racionalidade:** Predominan o instintivo sobre a racionalidade nos procesos creativos, promovendo a intuición e a improvisación sobre a composición racional deliberada.
5. **Privación dos obxectos de idealizacións:** O expresionismo busca privar os obxectos de calquera idealización ou obxectivación, representando unha realidade sempre subxacente o universo representado.
6. **Importancia do psicológico:** O psicológico desempeña un papel fundamental, afondando nos sentimentos primarios ou instintivos dos suxeitos, no mundo onírico e no universo do grotesco. Favorece a distorsión e a tensión entre o real e o que se percibe no traballo.
7. **O estilo expresionista na arte:** Nas artes visuais, uso de cores intensas e vibrantes, formas distorsionadas e vibrantes, e polo emprego de pinceladas xestuais para transmitir as emocións e o mundo interior do artista.

A diferenza do expresionismo co impresionismo radica no seu enfoque artístico e representación emocional:

- **Impresionismo:**

- Céntrase en capturar a luz e a cor dun instante para representar obxectos ou paisaxes.
- Pintura ao aire libre, pinceladas rápidas, soltas, cores vivas para captar a atmosfera e a sensación do momento.
- Buscan la representación fiel da realidade, priorizando a impresión visual sobre a expresión emocional.

- **Expresionismo:**

- Busca representar as sensacións interiores do artista, reflectindo a expresión emocional.
- As figuras adoitan estar deformadas, as cores non se corresponden coa realidade. Os temas abordan a angustia e as emocións negativas da época.
- Este movemento enfócase na distorsión da realidade e a exaxeración das emocións para transmitir unha visión subxectiva e emocional da realidade.
- En resumo, fronte ao impresionismo que busca a representación visual da realidade a través da luz e da cor, o expresionismo caracterízase pola distorsión emocional e subxectiva da realidade, na busca de transmitir as sensacións internas do artista.

## O autor

Un adiantado expresionista é o noruegués Edvard Munch (1863 – 1944), cun estilo caracterizado polo uso de curvas sinuosas (influencia do modernismo), un uso da

cor arbitraria (influencia do fauvismo), unha atmosfera opresiva e unha obsesión polas doenzas, a morte e a soidade como temas.

Chegou a París en 1885, onde coñeceu a obra dos postimpresionistas (Gauguin ou Van Gogh). Con todo, busca que a súa obra se separe de todas as correntes pictóricas que dominan na súa época.

*"Só, tremendo de angustia, sentín o berro, vasto, infinito da natureza"* (E. Munch)

Estamos ante a obra máis famosa do autor e modelo da atmosfera opresiva, angustia e desesperación que caracterizan parte da súa obra. Hai que fala de que as traxedias que viviu na súa historia familiar explican a súa obra, aínda que outros falan de que tentou construír unha imaxe de artista maldito.

## Análise

### Descrición e tema.

Edvard Munch presenta un ser espectral en 1º plano que berra desesperado ante a indiferenza de dous paseantes que se afastan por un dique.

A paisaxe (auga, ceo...) cúrvase, oscila como impulsado polas ondas sonoras do berro.

Expresa a angustia vital, a soidade do home ante a vida e ante a morte, trazos que o pintor destaca a través de cores irrealis e violentas e unha perspectiva dramática.

En realidade o tema é a propia **expresión dun sentimento de angustia:**

- Figura andróxina en primeiro plano transmite grande expresividade e forza. Símbolo da soidade e da desesperación do home moderno.

- Representase coa boca aberta, nun berro silencioso, o que suxire falta de comunicación e illamento.
- Tápase os oídos, o que suxire falta de vontade para escoitar ou recoñecer a súa propia angustia.
- Sendeiro con valados, que se afasta en perspectiva diagonal, aumenta a sensación de illamento.
- As cores cálidas, que predominan no fondo, cun ceo arremuiñado, reforza a angustia e a desesperación.

O obxectivo do pintor non é a realidade, é expresar un sentimento de angustia e soidade. **Prima o expresivo sobre o narrativo**; os aspectos negativos do home ou sociedade son os que atraen.

## Técnica.

- Reforza o efecto de angustia:
  - Trazos rápidos e xestuais, cunha pincelada solta e nerviosa: suxire unha sensación de inestabilidade e ansiedade.
  - Textura rugosa e uso de cores pastosas (sensación de desorde e caos).
  - **Figuras.** A do 1º termo está deformada polas curvas, dándolle un aspecto de chama; sen detalles, é esquemática a realización da cara ou mans.
- Óleo; aplicación violenta da cor.
- **Composición.**
  - A figura principal en 1º termo e centrada. A varanda en diagonal, as curvas do fondo e a postura ondulada, dan dinamismo á escena.
  - **Liña:** forte contraposición entre liñas rectas (diagonais) da esquerda e as ondulacións da dereita dinamizan a obra e fan mover o ollo por toda a superficie do lenzo.

- **Perspectiva.**
  - Polas diagonais e liñas onduladas e pola diferenza de tamaño nas figuras hai sensación de espazo do 1º plano ao fondo; comunícase figura con fondo e da desasosego ao ver a escena, levando a mirada, con movementos rápidos, dun lugar a outro. (*Perspectiva acelerada*).
- **Cor:**
  - Contraposición de gamas cálidas e frías que contrastan; son antinaturais, irrealis.
- **Luz:**
  - Antinatural, sen foco nin claroscuro.

En resumo:

- Obra mestra do expresionismo; o autor é un dos pais do movemento.
- Utiliza unha combinación de técnicas, como a representación de una figura andróxina nun momento de angustia, a utilización de cores intensas e contrastantes, e unha técnica xestual e nerviosa, para crear o efecto de angustia en "O berro".

## 2. A rúa



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A rúa (Rúa. Berlín).
- **LOCALIZACIÓN:** MOMA, Nova Iorque, USA.
  - <https://www.moma.org/collection/works/79354>
- **AUTOR:** *Ernst Ludwig Kirchner* (1880 – 1938)
- **TEMÁTICA:** .
- **ESTILO:** \*Pintura expresionista.
- **CRONOLOXÍA:** 1913. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 120,6 x 91,1 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** obra caracterizada pola simplificación das formas e un uso arbitrario da cor.
- **OUTRAS OBRAS:** *Melancolía; A tempestade, Ansiedade.*

## O autor

**Ernst Ludwig Kirchner Piper** foi un dos referentes do movemento expresionista alemán, creando xunto a outros artistas, todos sen formación en artes plásticas, o grupo *A Ponte (Die Brücke)*, en 1905, considerado na actualidade coma a orixe do expresionismo alemán.

Comezou a pintar de forma autodidacta. Ía para arquitecto, mais cando coñeceu o gravado de madeira (xilografía), orientouse á pintura.

Buscaba expresarse, nas súas propias palabras "directa e autenticamente", rexeitando a arte académica, xa que buscaban obras que tivesen un sentido de inmediatez e espontaneidade.

Unido ao seu amor pola arte primitiva e á pintura de Van Gogh, van confluír na súa posterior obra, dentro da corrente artística do expresionismo. Tamén lle influíu a obra de Edvard Munch, a arte oceánica e africana que atopou nos museos etnográficos, así coma a arte gótica e renacentista alemá, polo que traballou con entusiasmo a xilografía, un medio de impresión que adoptou o seu grupo, e que estaba caracterizado por formas simplificadas, aplanamento radical e cores vivas e non naturalistas.

Deste xeito podemos dicir que a súa obra caracterízase pola:

- **Simplificación formal** (xilografía).
  - Contornas de liñas grosas, ás veces irregulares (coma incisións na madeira).
  - Influencia de Van Gogh, máis aínda máis sintético e bidimensional, con pinceladas máis grosas.
- **Uso arbitrario da cor.**
- Creou unha especie de **culto á subxectividade e ao «feo»**.
  - Temáticas escabrosas, do Berlín nocturno, das persoas á marxe da sociedade (tugurios, bailaríns, prostitutas, etc.).
  - Actitude crítica á sociedade burguesa.

Retrata de maneira cruel a unha burguesía despreocupada e inconsciente dos problemas políticos, que pasea pola rúa sen comunicación algunha.

A I Guerra Mundial tivo unha grande influencia na súa persoa, afectándolle gravemente á súa saúde física e mental.

A chegada dos nazis, que o consideraron un "artista dexenerado", afondou os seus problemas depresivos, acabando por se suicidar en xuño de 1938 (tal como o fixera o seu artista preferido, Van Gogh).

# Análise

De 1913 a 1915, Kirchner vai realizar un ciclo de obras sobre escenas de rúas de Berlín (*A rúa*, *Rúa con buscona de vermello*, *Danza negra*, *Rúas de Dresde*).

- Amosa unha visión apocalíptica da cidade moderna, relacionada co cinema expresionista alemán de Fritz Lang, que en 1927 realiza *Metrópole*.

Nesta obra podemos observar a súa evolución pictórica:

- Evolución cara a unha estética con **trazos angulosos**, de **certos escorzos**, e unha vontade de **agresivo primitivismo**, en especial cando se achegue a I GM.
  - Na primeira etapa (Dresde): obras próximas ao fauvismo (uso de formas simplificadas con cores puras e planas).
- No cadro podemos ver personaxes comprimidas, coma encadre de película expresionista.
- As **cores** vólvense **máis apagadas** e o **debuxo nervioso**.
- O grupo do cadro, **sen comunicación**, está composto por **formas alongadas**: nos zapatos, plumas, chapeus, cabelos ou peles, acentúanse as formas apuntadas, as liñas en zigzag.
- Os **rostros** como **tallas primitivas**. O aprecio pola escultura negra ven ao descubrir as máscaras e figuras oceánicas da colección do Museo Etnolóxico de Dresde, inaugurado en 1903-1904. O expresionismo valora a inocencia e inxenuidade das civilizacións primitivas.
- Pintura angulosa, con cores que destacan o claro / escuro duramente resolto.
- Salienta a esaxeración das formas e resalta máis a fealdade e a maldade.

- COMPOSICIÓN:
  - As perspectivas aceleradas lanzan as figuras ao primeiro plano, proxectándoas sobre o espectador.
  - A proxección vertical das imaxes denota tendencia á vertical gotizante, pola fascinación desta época escura e polas xilografías.
- A estilización das personaxes ten de referente ao Greco. A mirada á tradición e á Idade Media, concretamente ao gravado medieval, será constante no expresionismo alemán sobre todo na produción de Kirchner.
- A influencia de Edvard Munch, a violencia expresiva da cor e a liña de Van Gogh son visibles.

As inquietantes figuras encerradas en abrigos longos, estiradas e xeometrizadas por contacto co cubismo e o futurismo, que pinta Kirchner detéñense nos escaparates ou móvense por rúas de perspectivas aceleradas, nun mundo tenso a piques de estalar.

### 3. A alegría de vivir



#### FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A alegría de vivir
- **LOCALIZACIÓN:** Barnes Foundation, Pensilvania, USA.
- **AUTOR:** Henri Matisse (1869 – 1954).
- **TEMÁTICA:** Representa o mito da Arcadia. Grupo de figuras espidas
- **ESTILO:** \*Pintura expresionista.
- **CRONOLOXÍA:** 1906. s. XX.

- **DIMENSIÓN:** 175x241 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** obra máis representativa do movemento fauvista.
- **OUTRAS OBRAS:** *O retrato de muller (Franxa verde)*; *Mesa de servizo (Harmonía en vermello)*, *A danza* (serie de cadros).

## O autor

Henri Matisse (1869-1954), naceu no seo dunha familia de clase media.

É considerado, xunto a Picasso, un dos pintores máis influíntes do s. XX como cabeza do movemento fauvista, caracterizado polo uso innovador da cor.

De formación en dereito, abandonou o seu traballo de avogado para se dedicar á pintura.

Cunha formación autodidacta, compaxinoua coas viaxes a Londres e Italia.

Marcado por ambas as dúas Guerras Mundiais, durante a II GM foi vixiado polos nazis, non puidendo escapar de Francia (a súa filla foi activa militante da Resistencia francesa).

Despois da Guerra continuou moi activo, involucrado en moitos proxectos artísticos, entre os que destaca o collage, até a súa morte en 1954.

## Características do fauvismo

As principais características do movemento fauvista son:

- **Exaltación da cor:**
  - Uso de cores puras e audaces.

- Aplicadas directamente desde o tubo de pintura (buscan crear a sensación de explosión no lenzo).
- Busca da **expresividade xestual**.
- Pinceladas resultado de xestos instintivos e impulsivos:
  - Buscan alcanzar espontaneidade (buscan o "salvaxe"): trazos espontáneos.
- **Simplificación das formas:**
  - Liñas e formas simplificadas, cunha técnica de debuxo sinxela.
- Desinterese pola perspectiva e o modelado:
  - **Contra o realismo óptico.**
- Influencia do postimpresionismo:
  - Reacción fronte ao impresionismo.
  - Inspíranse no uso da cor de artistas coma Cézanne.

Non foron un grupo homoxéneo nin cun ideario determinado coma o cubismo ou o futurismo; son un grupo de pintores (Matisse, Derain, ...) que teñen como característica común a paixón pola cor que lles leva, seguindo a Gauguin, a liberarse da cor real buscando harmonías cromáticas capaces de expresar emocións.

## Análise

- **Temática:**
  - Matisse introdúcenos no mundo idílico do mito da Arcadia, onde as personaxes espidas entréganse á celebración da vida a través da danza, da música e do amor.
  - Pinta unha obra absolutamente clásica (sen contar a técnica usada).
- **Cores:**
  - Paleta cromática vibrante e saturada (moi intensa).

- Contrastes de cores cálidas e frías (crean sensación de dinamismo e enerxía).
- Resultado harmónico e sensual.
- Pinceladas:
  - Soltas e xestuais, para enfatizar espontaneidade e expresividade (vs. realismo).
- Composición:
  - Sinuosa e orgánica.
    - Figuras entrelazadas nun ritmo ondulante.
      - Coas árbores sinuosas que se unen na parte superior e enmarcan a escena, e os arabescos que forman os corpos curvilíneos das figuras: a moza amarela que adorna o corpo cunha grilanda de flores, a retorta parella de amantes, as dúas mulleres (morena e roxa) tombadas no chan, de fronte e de costas, o pastor que toca a frauta.
  - Plana e decorativa (protagonismo da cor).
    - Nada de realismo óptico.
- Transmitir sentimento de exuberancia e optimismo:
  - Que o espectador se deixe levar pola celebración dos sentidos e a alegría de vivir.
  - Canto á vida e á liberdade.
- Influencias:
  - Fiel os temas idílicos arcádicos que predominaron desde o **Renacemento**. A súa mirada, volveuse cara a certos aspectos da tradición e ás **culturas primitivas e exóticas** a través das cales podía expresar a harmónica beleza dun mundo acougado, sereno e sensual.
  - Tema dos bañistas vincúlao a **Paul Cézanne**, quen na última etapa, 1890-1894, aborda o tema das bañistas.

- **Postimpresionistas:** cor, riqueza cromática con fin simbólico: fuxir da realidade e transmitir sensacións.

## 4. Primeira acuarela abstrac- ta



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Primeira acuarela abstracta.
- **LOCALIZACIÓN:** Propiedade privada, París, Francia.
- **AUTOR:** *Wassily Kandinsky* (1880 – 1938)
- **TEMÁTICA:** abstracto.
- **ESTILO:** \*Pintura expresionista abstracta.
- **CRONOLOXÍA:** 1910-1913. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 50 x 65 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** acuarela sobre cartón.
- **CARACTERÍZASE:** Considerada a primeira obra de abstracción.
- **OUTRAS OBRAS:** *Der Blaue Reiter* (O xinete azul); *Composición IV*, *Composición VII*.

## O autor

Wassily Kandinsky naceu en Rusia en 1866. Seus pais separáronse cando era moi novo, o que lle afectou moito. Pasou a vivir coa súa tía. As historias e lendas que esta lle contaba inspirárono e fixeron interesarse pola súa cidade (Moscova) e a cultura rusa.

- Estudou pintura e debuxo na Universidade de Moscova, e máis tarde dereito e economía, chegando a ser profesor e ter moito éxito. Mais finalmente abandonou o ensino, e ao cumprir trinta anos foi a Múnic a estudar pintura, que era a súa paixón.
- Foi o pioneiro do expresionismo abstracto.
- A súa obra caracterizouse pola exploración da expresión emocional a través do uso da cor e da forma.

Kandinsky podería encadrarse no movemento pictórico do **expresionismo abstracto**:

- A súa obra caracterízase pola abstracción e a exploración da expresión emocional a través do uso da cor e da forma.

## O expresionismo abstracto

As principais características:

1. **Liberdade creativa.**
2. **Existencialismo:**
  - 2.1 Buscan inspiración e temas na súa propia existencia e experiencia,
    - 2.1.1 Permítelles expresar os seus sentimentos e a súa forma de ser.
3. **Rexeitamento da forma e do debuxo:**
  - 3.1 Buscan a expresión emocional<sup>2</sup>.
4. **Materialidade do cadro:**
  - 4.1 O proceso artístico convértese case que nun rito relixioso.
5. **Xestualidade emotiva:**
  - 5.1 A linguaxe das pinceladas é unha das súas características distintivas.
6. **Uso intenso da cor:**
  - 6.1 Paleta emocional: utiliza a cor para expresar sentimentos e emocións.
7. **Improvisación:**
  - 7.1 Case un trance místico do artista.
8. **Automatismo:**
  - 8.1 Improvisación e busca persoal.

# Análise

- Obra realizada en 1910, mais deulle o título en 1913.
- Considerada coma a primeira (ou unha das primeiras) obras abstractas da historia da arte:
  - Kandinsky desvincúlase da representación figurativa. Explora a expresión emocional a través do uso da cor e da forma.
- **Cores:**
  - Nesta acuarela utiliza unha paleta de cores que inclúe negro, violeta e amarelo.
  - Desprázanse de xeito autónomo sobre a superficie, a través de todo o espazo sen formar estruturas compactas.
    - Dinamismo da cor
  - A transparencia da cor da acuarela axústase á natureza das formas, que se moven libremente na superficie branca.
  - Debuxo á plumilla negra e as cores da pintura á acuarela son independentes na superficie da folla. A cor non forma contorno.
- **Composición:**
  - A distribución dos elementos visuais é sen sentido espacial nin relación xerárquica. Caracterízase polo carácter **improvisado, espontáneo**.
  - AA folla aparece transformada nun verdadeiro bulebule de cores e liñas. A inestabilidade e axitación dota á obra de carácter propio.

A distribución dos elementos visuais é sen sentido espacial nin relación xerárquica. Caracterízase polo carácter improvisado, espontáneo.

O dinamismo da cor percíbese no resultado. A folla aparece transformada nun verdadeiro bulebule de cores e liñas. A inestabilidade e axitación dota á obra de carácter propio.

- **Tema:**

- Motivos **abstractos**. Pintar conscientemente cadros "non figurativos".
  - Na parte inferior da acuarela hai que ve as costas dunha muller, mais pode darse a calquera tipo de interpretación.
  - Poder da pintura para suscitar emocións, sentimentos e ideas (non é preciso a presenza de obxectos recoñecibles).
- Obra pioneira no campo da arte abstracta.
- Explora a expresión emocional a través do uso da cor e da forma.
- Dramatismo e liberdade figurativa que transmite unha grande intensidade emocional.

Obra singular:

- Influenciada por impresionistas francesas e a arte popular rusa.
- Adianto das composicións artísticas que Kandinsky elaboraría máis tarde:
  - Unha maior abstracción: das impresións ás improvisacións, para rematar en composicións libres.

## 5. As donceias de Avignon



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** As doncelas de Avignon
- **LOCALIZACIÓN:** MOMA, Nova Iorque, USA.
  - <https://www.moma.org/collection/works/79766>
- **AUTOR:** *Pablo Ruiz Picasso* (1881 – 1973)
- **TEMÁTICA:** Retrato de 5 mulleres.
- **ESTILO:** \*Vangardas. Cubismo inicial, cubismo analítico.
- **CRONOLOXÍA:** 1907. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 243,9 x 233,7 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Inicio do cubismo.
- **OUTRAS OBRAS:**

## O autor

Pablo Ruiz Picasso é unha das figuras máis destacadas da pintura do s. XX, tanto polo seu papel na fundación do cubismo, como polo conxunto da súa obra, entre as que destacan *O Gernica*, ou a serie sobre as Meninas.

- Nado en Málaga, pasou a súa infancia na Coruña, onde xa de moi cativo faría a súa primeira exposición pública.
- Xa en Barcelona continuaría a súa formación artística, coa influencia da corrente modernista (*Els Quatre Gats*).
- A partir de 1900 comeza a viaxar a París, o que vai provocar un cambio no seu estilo pictórico, aberto á experimentación coa influencia do impresionismo e postimpresionismo.
- 1901: Comeza a que se denomina coma **Época azul** (*O vello guitarrista*):

- Predominio escenas melancólicas, con cores de gamas frías.
- 1905: Instálase definitivamente en París. **Época rosa:**
  - Motivos relacionados co circo (arlequíns, saltimbanquis), con dominio de cores pasteis.
  - Influencia de Cézanne e da arte africana, ambas as dúas que se van percibir na obra que analizamos.
- O **cubismo:**
  - Ruptura con toda a liña da historia da arte occidental, contra a representación da realidade e da perspectiva tal como se entendía desde o Renacemento.
  - Non se respectan as convencións espaciais.
  - Varias fases:
    - **Cubismo analítico** (1907-1911):
      - Redución do obxecto pictórico a formas poligonais, para descompoñelo en plans facetados (inspirado en Cézanne).
      - O espectador contempla a obra desde múltiples puntos de vista.
      - Reivindicación da materialidade do obxecto:
        - Introducen elementos como papel pegado, madeira, metal, etc. Técnica de collage.
    - Cubismo sintético (1912-1914):
      - Obxectos resumidos nos seus caracteres esenciais.
      - Acentuación do collage.
      - Outros autores: X. Gris, F. Léger.
      - Grande influencia noutras Vangardas.
      - Versión escultórica: *O Profeta*, de Pablo Gargallo.
- 1915: Afonda en novas experiencias creativas, en especial o surrealismo.
- 1937: Denuncia do golpe de estado franquista. *O Gernica*.
- Tras a II GM:

- Continúa compromiso político (*Matanza de Corea*).
- Reinterpretación das *Meninas*.
- Activo até a súa morte en 1973.

## Análise

- A fins de 1906, Pablo Picasso abandona os temas sentimentais das épocas azul e rosa.
- Novas influencias: busca o "ancestral", inspirándose na pintura románica, abundante en Cataluña, e na escultura ibérica.
  - Combinar ser un pintor moderno sendo fiel á súa orixe nacional.
- Con todo, malia as influencias, o cadro constitúe unha ruptura artística co anterior.
- TEMA:
  - Representa un grupo de prostitutas espidas no interior dun prostíbulo (*Bordel filosófico*, era o nome polo que foi coñecida orixinalmente).
  - Aparecen cinco mulleres, 4 delas de pé e outra sentada de crequenas.
  - Contraste no rostro das mulleres:
    - Tres das mulleres aparecen cun rostro deformado: lembran a máscaras da arte tradicional africana (ou figuras ibéricas).
    - Dúas aparecen cunha representación máis "clásica".
- **COMPOSICIÓN:**
  - Ráchase coas leis da perspectiva renacentista. Inicios do cubismo. Non pretende representar a realidade nin a perspectiva.
  - **Varios puntos de vista.** O espazo xoga con cores distintas: ocre que tenden ao vermello e azuis a verdes; moi cubista.

- As perspectivas remodeláanse: hai de fronte, costas e perfil unidas; é un novo concepto e non hai aparencia.
- Como punto intermedio entre o interior do cadro e o exterior (posición do espectador) na parte baixa do cadro, hai un froiteiro.
  - Pártese de Cézanne na composición, pero está violentamente xeometrizada a base de triángulos, con agudos esquinamentos; non é fácil determinar o límite entre o fondo e as figuras.
- Espazo comprimido.
- A liña do debuxo non é continua, hai liñas que se rompen e traballa coa cor.
- Influencias:
  - Cézanne.
  - P. Gaguin: arte primitiva
  - Pintura románica catalá: hieratismo figuras.
  - O Greco: alongamento figuras.
  - Barroco: bodegón.

A obra tardou en exhibirse publicamente. Primeiro no ámbito das amizades, onde recibiu críticas diversas do círculo de amigos; abrirá distintas variantes. Quedou dentro do ámbito persoal de Picasso até 1920 en que se vende dentro dun lote. En 1937 entra nun museo, até a súa venda ao MOMA de Nova Iorque.

## **6. O retrato de Ambroise Vollard**



## FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** O retrato de Ambroise Vollard
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Pushkin, Moscova. Rusia.

- **AUTOR:** *Pablo Ruiz Picasso* (1881 – 1973)
- **TEMÁTICA:** Retrato
- **ESTILO:** \*Cubismo analítico.
- **CRONOLOXÍA:** 1910. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 93 x 66 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Renuncia á perspectiva e profundidade.
- **OUTRAS OBRAS:**

## Análise

- Ambroise Vollard, foi importante marchante de arte, fundamental na carreira de Picasso, xa desde 1901 cando organizara unha exposición individual de Picasso, que aínda non tiña 20 anos.
- Nesta época Picasso está a realizar numerosos retratos a amigos e marchantes, no novo estudio que tiña en París.
- Evolución no estilo de Picasso: **cubismo analítico**.
  - Renuncia á perspectiva e á profundidade (rachar coa historia da arte tal como se entendía desde o Renacemento).
  - **Descompór a realidade en numerosos elementos xeométricos.**
  - Composicións máis complexas e herméticas.
- Sen perspectiva nin profundidade:
  - Retrato que se funde co fondo, borrando parte do busto, aínda que conserva o rostro.
- Elaborado con criterios estritamente cubistas, que non perde a extraordinaria semellanza co modelo:

- Nariz poderoso, a alta fronte calva e os ollos entre pechados destácanse do fondo polo seu tons claros e cálidos e pola lixeira tregua lograda polo rostro fronte os ritmos angulares do resto da composición.
- Rompe o retrato en numerosos planos e puntos de vista, que se trasladan simultaneamente ao lenzo.
  - Buscaban descompoñer o modelo en facetas e logo volver construílo de forma que puidésemos velo desde varias perspectivas diferentes, coma se fose unha escultura.
- Picasso, aínda que a obra é cubista, continúa a introducir elementos facilmente recoñecibles polo observador, ao cal serven de guía e ofrecen un apoio para a comprensión da obra (aquí co parecido recoñecible co retratado).
  - Nesta época, Picasso e o seu amigo Georges Braque estaban cos seus experimentos pictóricos.
- CORES:
  - Basicamente, só utilizaban tons ocres, negros e grises, porque o que lles interesaba era a forma e o volume, non a cor.
    - Neste caso, ao pintar o rostro dunha cor diferente, podemos distinguir sen problemas os trazos da cara de Vollard (e a súa característica calva).

## 7. Natureza morta con cadeira de reixa



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Natureza morta con cadeira de reixa
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Picasso, París. Francia.
- **AUTOR:** *Pablo Ruiz Picasso* (1881 – 1973)
- **TEMÁTICA:** Bodegón.
- **ESTILO:** Entre o cubismo analítico e o cubismo sintético.
- **CRONOLOXÍA:** 1912. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 27 x 35 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** collage de óleo, hule e pastel sobre tea.
- **CARACTERÍZASE:** Renuncia á perspectiva e profundidade.
- **OUTRAS OBRAS:**

## Análise

- Exemplo do estilo cubista de Picasso, onde os obxectos se descompoñen en formas xeométricas.
- Primeira exploración en serio do artista na colaxe:
  - Efecto engano visual: hule que simula unha reixa, como polos papeis estampados con vetas de madeira que Braque e Picasso empregaron despois abundantemente nos *papiers collés*.
- TEMA:
  - Natureza morta, cunha cadeira de reixa no centro.
- Xeometrización dos obxectos:
  - Os obxectos preséntanse desde múltiples perspectivas simultáneas, creando unha imaxe fragmentada e abstracta.

- Descompón os obxectos en formas xeométricas básicas (círculos, triángulos e rectángulos). Sensación de distorsión e fragmentación, afastándose do realismo tradicional.
- CORES:
  - Paleta limitada, predominio dos tons ocre, grises e negros.
  - Isto enfatiza a estrutura formal da obra e desvía a atención dos detalles realistas.
- COMPOSICIÓN:
  - Superposición de planos, creando sensación de profundidade e volume.
  - Racha coa perspectiva tradicional e provoca unha imaxe máis dinámica e cubista.
  - Ausencia de sombras e luces contribúe á sensación de abstracción e bi-dimensionalidade da obra.

Podería ser un típico cadro de cubismo analítico. Mais na parte inferior esquerda temos o trenzado de reixa dunha cadeira perfectamente detallada e definida. (frente ao óleo da parte superior, a inferior é hule).

- Novidade na aparición de signos tipográficos. Pódese ler as letra "JOU", inicio de "Journal". Este feito resulta novo. O artista usa as letras como un efecto máis para equivocar aos ollos do espectador (A "OU" mesmo parece sobrevoar a imaxe ao saír do xornal).
- Formato ovalado, non usual en Picasso. A forma non é casual: crea un campo visual concentrado e ao mesmo tempo asemella un espello que reflicte uns obxectos depositados nunha cadeira
- Marco é unha corda de cáñamo. O pintor quixo intervir ata no espazo circundante do lenzo e romper ata nisto coa tradición.
- Braque e Picasso xa incorporaran papeis, xornais ou cartóns pegados en obras cubistas.

- Por 1ª vez introdúcese material plástico estampado.
- Para integrar este material no cadro camuflou os bordos e manchou con trazos de pintura a superficie lisa do hule.
  - Hai que estar encima para descubrir a existencia da colaxe.

#### TRANSCENDENCIA DA OBRA.

O xogo con óleo e materiais da vida cotiá convertidos en obxectos artísticos, será de gran repercusión en movementos e artistas do s. XX.

Futurismo, Dadaísmo, Surrealismo, Constructivismo, Abstracción Matérica, Arte Povera... aproveitarán este descubrimento nas súas futuras esculturas-pinturas, cadros-obxectos e ensamblaxes.

## 8. O Guernica



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** O Guernica.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (MNCARS), Madrid. España
  - <https://www.museoreinasofia.es/coleccion/obra/guernica>
- **AUTOR:** *Pablo Ruiz Picasso* (1881 – 1973)
- **TEMÁTICA:** Bodegón.
- **ESTILO:** \*Cubismo expresionista / Surrealista.
- **CRONOLOXÍA:** 1937. s. XX.
- **DIMENSIONS:** 3,5m x 7,8 m.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Renuncia á perspectiva e profundidade.
- **OUTRAS OBRAS:**
  - Óleo sobre lenzo.
  - Pintado exclusivamente en branco, negro e gris.
  - 9 figuras, 6 persoas e 3 animais.
  - Moi axitados, espazo irreal e angosto.
  - Gernika pintado para a Exposición Universal de París, 1937, por encargo do goberno republicano.
  - Bombardeo de Gernika (26 de abril de 1937). Batalla diplomática internacional.

O *Guernica* é unha obra de **denuncia** e de protesta contra os **bombardeos** da **pequena poboación vasca** que dá nome ao cadro, contra a violencia, a **barbarie** e a **guerra**.

O **Guernica** é un **berro** contra a guerra desde o punto do vista das **vítimas**, unha **reflexión** sobre a **destrución** e a **dor** de calquera tipo de **conflito**.


**Converteu o feito concreto nunha obra universal, comprensible sen necesidade de coñecer os detalles concretos** (como Goya: Os fusilamentos).

## Análise

- Figuras parece axitarse desesperadamente.
  - Personaxes representadas son vítimas.
- **Composición** case sen espazo, case plano.
  - Orde na desorde aparante.
  - **Eixo triangular** que ten como **vértice** a lámpada e **composición** a modo de **tríptico**.
  - Elemento máis destacado: **pirámide** que agrupa á maioría dos personaxes.
    - Vértice á dereita do quinqué que sostén a muller que entra pola xanela desde a dereita.
    - Dentro o cabalo, que xira a cabeza, cunha lanza do costado. Muller encorvada que foxe cara ao centro e home que xade tombado, na man cunha espada rota e unha flor.
  - Fóra da pirámide:
    - Nai que berra e suxeita a un bebé e touro (esquerda).
    - Muller atrapada nun incendio cos brazos estendido (dereita).
- Recursos expresivos do cubismo cunha vertente moito máis expresionista.
- Luz irreal, a pesar do quinqué, lámpada e xanela, que emiten luz.
- Cromatismo moi limitado (branco – negro – gris):
  - Influencia fotoxornalismo?
  - Tradición gravados.

- Vinculación coa cor negra de momentos fúnebres.
- COR: AUMENTAR expresividade obra.
- **TEMA:**
  - OS HORRORES DA GUERRA.
- **Significados:**
  - Soldado: enfrontamento interno do Estado.
  - Muller: padecemento físico.
  - Nai: dor de quen perderon familiares.
  - Muller que corre: perseguidos.
  - Lámpada: ilusión da luz da razón.
  - Animais: inxustiza ou paz arrasada.
    - Picasso: touro é a brutalidade, cabalo o pobo. Di que é no único caso que utilizou símbolos.
  - Pintor deixou abertas as múltiples interpretacións.
  - Lugar irreal.
  - Denuncia política da destrución provocada polo fascismo.
  - Icona universal: do concreto ao universal, referencia do s. XX.
    - Non é única: *O osario* (campos de exterminio nazi), *O rapto das sabiñas*, padecemento dos inocentes. *Masacre en Corea*.
- No MOMA até que volveu a España en 1981. Hoxe no Reina Sofía.

## 9. Composición número 1 con vermello e azul



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Composición número 1 con vermello e azul.
- **LOCALIZACIÓN:** Kunstmuseum Den Haag, A Haia, Países Baixos.
  - <http://www.gemeentemuseum.nl/collection/item/6713>
- **AUTOR:** *Piet Mondrian* (1872 - 1944)
- **TEMÁTICA:** .
- **ESTILO:** \*Pintura abstracta. Corrente Neoplasticista.
- **CRONOLOXÍA:** 1921. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 103 x 100 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** obra abstracta, representante do estilo Neoplasticista (liñas rectas, volumes simples e cores primarias).
- **OUTRAS OBRAS:** *Composición II en Vermello, Azul e Amarelo; Árbore Gris, Broadway Boogie Woogie..*

## O autor

Piet Mondrian (1872-1944), foi un dos **pioneiros da arte abstracta**.

- Comezou a súa carreira con claras influencias do impresionismo e do simbolismo.
- 1911, aséntase en París. O seu estilo muda, influenciado polo cubismo.
  - Desenvolve o **estilo neoplasticista**, tamén coñecido como *De Stijl* (polo nome da revista que funda en 1917 con Theo van Doesburg) caracterizado polo uso de liñas rectas, formas xeométricas e cores primarias co branco e o negro.

- Aquí situaríase a súa obra máis emblemática, "*Composición con vermello, azul e amarelo*" (1930).
- 1940: Trasládase a Nova Iorque, tras un paso de 2 anos por Londres.
  - O seu estilo evoluciona cara unha maior pureza e dinamismo, cunha grande influencia no desenvolvemento da arte moderna.

## Análise

A obra responde aos principios do Neoplasticismo, partidarios decididos da abstracción e a simplificación absoluta:

- Liñas rectas.
- Volumes simples (prismas).
- Cores planas, fundamentalmente as primarias.

### 1. Composición:

- Mondrian é o máis radical nestas ideas, repetindo nos seus cadros **variacións compositivas a base de rectángulos de distinto tamaño**.
- **Liñas negras**: Formas delimitadas por grosas liñas negras, que dividen o espazo dun xeito preciso e equilibrado.

### 2. Cores:

- Unicamente coas **tres cores primarias** (vermello, amarelo e azul).
- Cores non primarias:
  - Branco e negro para completar composición.
  - Liñas negras.
- Mondrian busca a **arte pura**, non contaminada de particularismos e allea a toda alienación.

- Para Mondrian existe unha **lei de equilibrio universal** e para comprendela hai que eliminar as particularidades.
- Sentimentos e emocións non teñen cabida na súa arte, as súas **formulacións** son **puramente racionais** aínda que no fondo subxace un idealismo moi acusado.
  - Busca a realidade espiritual máis profunda e universal: a esencia da arte reside na pureza dos elementos básicos.

Esta pintura, como o resto da obra de Mondrian, tivo unha grande influencia na arte moderna, pola súa simplicidade e orde. Así o vemos tanto na arquitectura, no deseño gráfico, na moda ou na arte dixital.

## 10. A fonte



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A fonte
- **LOCALIZACIÓN:**
- **AUTOR:** *Marcel Duchamp* / R. Mutt (1887 – 1968)
- **TEMÁTICA:**
- **ESTILO:** \*Dadaísmo.
- **CRONOLOXÍA:** 1917. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 120,6 x 91,1 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Urinario de porcelana asinado con cor negra.
- **CARACTERÍZASE:** obra que recha co concepto de arte.

## O autor

Marcel DUCHAMP (Francia, 1887-1968), foi un influínte artista englobado no Dadaísmo e no Surrealismo.

- De familia de artistas. As súas primeiras obras están influídas polo impresionismo, con toques de Cézanne e do fauvismo.
- É coñecido por **desafiar as convencións artísticas**, como vai facer coa obra obxecto deste comentario.
  - Cuestionou a natureza da arte e da autoría.
- Tamén creou o concepto de "*ready-made*", obras de arte feitas a partir de obxectos cotiáns.
- O seu legado influíu na arte contemporánea, sendo na actualidade obxecto de debate e de reflexión.

- En 1912 presenta o seu *Espido baixando unha escaleira*, de ecos futuristas. A obra é rexeitada en París polos popes do cubismo (Picasso, Braque), quen a considera unha burla ao seu movemento.
- Durante a 1ª Guerra Mundial instálase en Nova Iorque.

## Dadaísmo

Esta obra, *A Fonte*, pertence de Duchamp pertence ao estilo artístico do Dadaísmo. É un exemplo emblemático, xa que desafiaba as convencións tradicionais da arte, na busca de cuestionar que pode ser considerado coma arte.

- O Dadaísmo xorde durante a 1ª Guerra Mundial. Hai quen considera que é unha actitude máis que un estilo artístico. Mais é un movemento internacional literario e artístico que se caracterizan por:
  - Rebeldía e desafío ao convencional:
    - A anti-arte: cuestiónase o significado e o propósito da arte.
    - Provocación e escándalo: impactar e provocar o público.
  - Espírito de anarquía e caos:
    - Buscar o caos e espontaneidade (contra a lóxica e a orde), así como a improvisación.
  - Crítica social de política:
    - Como reacción á 1ª Guerra Mundial, froito da desilusión coa sociedade e a política que conduciron ao conflito.
    - Crítica a través da sátira e da burla, o humor negro, contra os valores establecidos.
  - Interdisciplinariedade:
    - Fusión da arte e da literatura, uso das *performance*, onde traballan normalmente os artistas en grupos ou colectivos.

- Uso de técnicas innovadoras: *ready-mades*, collages e fotomontaxes.
- Subversión da linguaxe e da lóxica: buscan rachar coa comunicación convencional, contra a coherencia lóxica. Unha aposta pola irracionalidade.

Pretenden a liberdade total; un obxecto calquera pode ser obra de arte simplemente porque alguén o escolleu como tal (nace así o concepto de *ready-made*).

O dadaísmo provoca escándalo. Fixo que a xente mirase as imaxes de forma distinta. As pinturas e obxectos *Dada* obrigan ao espectador a cuestionar as realidades aceptadas e a recoñecer o papel do azar e imaxinación. Despois da guerra celebráronse en París varias exposicións e os dadaístas entraron en contacto cos surrealistas, capitaneados por André BRETON.

DADA desaparece cara a 1922. Algúns artistas, coma Max ERNST, integráronse no Surrealismo.

## Análise

Esta obra (1917) é un exemplo icónico da arte conceptual e provocadora.

- Consiste nun urinario de porcelana asinado co pseudónimo R. Mutt, presentado por Duchamp na Exposición da Sociedade de Artistas Independentes, como unha crítica á concepción tradicional da arte.
- A pesar de ser rexeitada inicialmente, esta pieza desafiou as convencións artísticas ao cuestionar que pode ser considerado coma obra de arte. O autor transforma un obxecto cotián, ao poñelo nun contexto artístico, desafiando as normas establecidas e provocando debate sobre a natureza da arte e da autoría dunha obra.

Duchamp instalábase en Nova Iorque, daquela unha cidade con pouca tradición cultural e allea aos debates da vangarda artística europea.

O urinario presentábase intacto, pero ao viralo corenta e cinco graos, e ao darlle un título adquiriría valores completamente inesperados.

Vían unha limpa beleza (comparóuselle con algunhas esculturas de Brancusi), e curiosas alusións figurativas ("como un Buda ou unha Madonna", dicían nun artigo).

### **Características:**

1. **Concepto de Ready-Made:**
2. **Innovación radical:** é exemplo dos ready-mades de Duchamp, obxectos cotiáns descontextualizados e presentados como arte.
3. **Desafío á arte tradicional:** Ao elixir un obxecto producido industrialmente, cuestiona as nocións tradicionais de artesanía e estética na arte.
4. **Sinatura e título:**
5. **Seudónimo "R. Mutt":** Asina a obra, engadindo un elemento de anonimato e xogo co público. Suxire que a identidade do artista é irrelevante para que haxa arte.
6. **Título irónico:** Denominar "Fonte" a un urinario introduce un elemento de ironía e provoca unha reconsideración do obxecto nun novo contexto.
7. **Reacción e debate:**
8. **Rexeitamento inicial:** Inicialmente rexeitada para a exposición, chocando o principio de aceptación universal, o que amosou a hipocrisía e os límites do sistema artístico da época.
9. **Impacto duradeiro:** A Fonte foi interpretada coma un acto revolucionario que ampliou os límites da arte, abrindo camiño para movementos como o dadaísmo e a arte conceptual.
10. **Significado e legado:**

11. **Redefinición da arte:** Duchamp propón que a arte non reside no obxecto en si, senón na idea e na intención detrás da súa presentación.

12. **Influencia:** A Fonte é considerada unha obra fundacional da arte contemporánea, influíndo en xeración de artistas que buscaban novas formas de expresión.

Na actualidade enténdese esta obra coma un dos xestos máis radicais da Historia universal da arte. Nada despois dela volveu ser igual. Rexeitada inicialmente, causou un escándalo que sacudiu o mundo da arte.

O orixinal da obra perdeuse, e a mediados do s.XX, Duchamp realizou varias versións máis, actualmente repartidas en varios museos.

Malia ter pretensións rupturistas, o capitalismo, o mercado artístico, foi quen de assimilar estas propostas, reintegrándoas os museos tradicionais que os dadaístas querían destruír.

# 11. L.H.O.O.Q.



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:


- **OBRA- TÍTULO:** L.H.O.O.Q.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Georges Pompidou, París, Francia.
  - <https://www.centrepompidou.fr/fr/ressources/oeuvre/c5pXdk6>
- **AUTOR:** *Marcel Duchamp* (1887 - 1968)
- **TEMÁTICA:**
- **ESTILO:** \*Dadaísmo.
- **CRONOLOXÍA:** 1919 - 1930. s. XX. Hai varias versións
- **DIMENSIÓNS:** 61,5 x 49,5 cm (impresión : 48 x 33 cm.l.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** lapis sobre unha reprodución da Mona Lisa.
- **CARACTERÍZASE:** É un dos *ready-mades* de Duchamp dentro da corrente do Dadaísmo.

## Análise

- Exemplo emblemático da arte dadaísta e do seu enfoque provocador.
- É un *ready-made*: obxectos producidos en serie, destinados a un uso utilitario e alleos á arte que se transforman en obras de arte polo mero feito de que o artista os elixa e cámbiellles o nome, os firme ou simplemente os presente a unha exposición artística
  - Cartón postal barato, cunha reprodución da famosa pintura da "Mona Lisa" de Leonardo da Vinci, á que Duchamp engadiu un bigote e unha perilla a lapis.
  - Púxolle como título "L.H.O.O.Q.", que én francés soa ao lerse rapidamente coma "*Elle a chaud au cul*", que se traduce como "Ella está excitada sexualmente"

- Duchamp busca desafiar o concepto do ideal de beleza clásica, cuestionando os valores estéticos tradicionais da arte.
- Intervén unha obra mestra da arte renacentista, descontextualizándoa e dándolle un novo significado:
  - Rouba e altera unha obra de Da Vinci, converténdose nun acto creativo en si mesmo, cuestionando ao público sobre o concepto da arte.
- Como ready-made, cuestiona o concepto de arte e amplía as posibilidades creativas.
  - Vese o humor negro (irreverente) e o espírito anti-arte, coa crítica os valores da burguesía e da sociedade da época.
    - Con todo, na actualidade está no Museo Pompidou de París.
- Para Duchamp, as posibilidades da pintura tradicional estaban esgotadas, mentres que as fronteiras da arte seguían aínda sen explorar.
  - Algo é arte, un obxecto convértese nunha obra de arte cando é un artista quen así o decide.

## 12. A persistencia da memória



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** *A persistencia da memoria* (tamén coñecida coma *Os reloxos brandos* ou *Os reloxos derretidos*).
- **LOCALIZACIÓN:** MOMA, Nova Iorque, USA.
  - <https://www.moma.org/collection/works/79018>
- **AUTOR:** *Salvador Dalí* (1904 – 1989)
- **TEMÁTICA:** Alegoría.
- **ESTILO:** \*Surrealismo figurativo.
- **CRONOLOXÍA:** 1931. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 24.1 x 33 cm
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Obra icónica do surrealismo figurativo.
- **OUTRAS OBRAS:** *Cristo de San Xoán de la Cruz* (1951), *Construcción branda con xudías fervidas* (1936), *As tentacións de Santo Antonio* (1947).

## O autor

Salvador Dalí (1904-1989) foi un pintor, escultor, gravador, escenógrafo e escritor español, célebre pola súa obra pictórica surrealista.

- Viaxou desde a súa Figueres natal até Madrid, onde estudou na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Alí tivo contacto cos poetas da Xeración do 27.
- Ao final da década dos 20 uniuse ao movemento surrealista en París, onde desenvolvería o seu estilo característico, marcado por imaxes oníricas e alucinantes. Sería expulsado do movemento polas tendencias políticas dereitistas e a súa desmesurada afección polo diñeiro.

- A obra de Dalí deste período baséase no seu método "paranoico-crítico", inspirado en Freud: representación de imaxes oníricas e obxectos cotiáns en formas compositivas insospeitadas e sorprendentes, como o da obra que nos ocupa.
- Viviu nos EE.UU. entre 1940 e 48. Posteriormente as súas obras realizáranas nun estilo máis clásico, a miúdo de contido relixioso.
- Co tempo converteuse nunha figura mediática, froito da súa personalidade excéntrica e a súa capacidade de autopromoción.
- Artista multidisciplinar, produciu unha inxente cantidade de obras, abrangendo pintura, cinema (onde colaborou con grandes artistas coma Luis Buñuel e Walt Disney), moda e literatura, consolidándose como un dos artistas máis influíntes do s. XX.
  - Realizou, entre outras, varias películas surrealistas en colaboración con Buñuel como *O can andaluz* (1928) e *A idade de ouro* (1930), libros ilustrados, deseños de xoiería e escenografías, e vestiarios teatrais.

A técnica pictórica de Dalí caracterízase por un debuxo meticuloso, unha minuciosidade case fotográfica no tratamento dos detalles, cun colorido moi brillante e luminoso.

## O Surrealismo

Movemento artístico e literario que xurdiu na década de 1920 en Francia. As súas principais características son:

- **Busca do irracional e do inconsciente:**
  - Expresar o pensamento sen o control da razón. Por iso exploran o mundo dos sonhos e do subconsciente coma inspiración artística.

- **Técnicas automáticas.**
  - Escritura automática e debuxo automático. Que a imaxinación flúa libremente.
- **Combinación de elementos dispares.**
  - Buscar o desconcerto no público das obras.
- **Influencia da psicanálise.**
  - Da obra de Sigmund Freud sobre o inconsciente. Buscan explorar os procesos mentais ocultos e o irracional.
- **Rexeitamento do racionalismo.**
  - Fronte ao racionalismo burgués, querían liberar a imaxinación da lóxica e da razón.

Os artistas surrealistas máis destacados foron Salvador Dalí, René Magritte, Joan Miró e Max Ernst. O Surrealismo influíu na arte, na literatura, no cinema e no pensamento do s. XX.

## Análise

### Descrición da obra:

- Neste óleo sobre lenzo, Dalí presenta unha paisaxe desértica, misteriosa, cuns reloxos brandos e deformados, que parecen estar a se derreter.
- Que se representa:
  1. Reloxos brandos: 4, tres derretidos e un cuberto de formigas. Simbolizan a relatividade do tempo e a súa inconsistencia, fronte á idea de que o tempo é ríxido e constante.
  2. Paisaxe desértica: inspirada nun lugar próximo á residencia de Dalí. Reforza a atmosfera de soño e surrealismo.

3. Figura amorfa: Ocupa o centro do cadro. Hai quen a interpreta como unha representación do propio pintor, podendo simbolizar a presenza do artista no mundo dos sonhos e o inconsciente.
4. Formigas: Xunto ao reloxo de peto, representan a decadencia e o paso do tempo. Eran moi utilizadas por Dalí para simbolizar a descomposición e a morte.
5. Montañas e mar: Aparecen no fondo. Serven para engadir profundidade e unha sensación de paisaxe infinita.

### **Simbolismo e interpretación:**

- Explorar a percepción do tempo e da realidade. Influencia da teoría do subconsciente de Freud.
  - O tempo é subxectivo, pode ser influenciado polo inconsciente, os sonhos e as experiencias persoais.
  - A deformación dos reloxo: símbolo que no mundo dos sonhos a lóxica e as leis da física non funcionan.

### **Estilo e técnica:**

- Realismo onírico: Técnica moi precisa e detallada, case fotográfica (característica do seu estilo).
  - Elementos recoñecibles do mundo real presentados dun xeito absurdo e ilóxico.
  - Detalles minuciosos e claridade obxectos contrastan coa distorsión surrealista, creando una sensación de inquedanza e fascinación.
  - **Debuxo:** enorme importancia, liñas puras.
  - **Luz:** Gran papel.
    - Cadro dividido en 2 partes non simétricas:


- A tenebrista, en 1º termo, o foco de luz á dereita que ilumina suavemente os obxectos, que proxectan sombras e recórtanse no espazo;
- A outra, fortemente iluminada, ao fondo, cunha luz moi branca, irreal.
- **Cores:**
  - Ricas e variadas. Predominan tons fríos (azuis, grises, brancos), que contrastan cos cálidos (ocres, marróns e amarelos).
- **Composición**, moi estudada:
  - Domina a liña horizontal do mar ao fondo, remarcada pola luz, que divide o cadro en 2 metades desiguais pero harmoniosas. Complementase, coa horizontal da rama seca da árbore, que co seu tronco marca á esquerda unha vertical que equilibra a composición.
  - Coma elementos dinámicos, o pintor utiliza as liñas diagonais (mesa, cabeza) e as curvas (reloxos, cabeza).
  - A cor contribúe a lograr estes efectos, xa que os tons cálidos achégannos as formas, mentres que os fríos afástanas.
  - A perspectiva tradicional existe, pero o espazo parece estraño. O punto de vista do espectador é alto, aínda que non en todos os obxectos.

En resumo:

- Obra referente do surrealismo obxectivo ou figurativo (que utiliza unha técnica case fotográfica para imitar a realidade).
- Non é só unha obra mestra técnica, senón tamén un profundo exercicio intelectual e filosófico, onde Dalí invita o espectador a explorar as fronteiras do soño e da realidade.

- Foi obxecto de moitas análises e continúa a ser fonte de inspiración para novos artistas.

## 13. A columna rota



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** \*A columna rota.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Dolores Olmedo, México D.F. México.
- **AUTOR:** *Frida Kahlo* (1907 – 1954)
- **TEMÁTICA:** Autorretrato.
- **ESTILO:** \*Surrealismo figurativo.
- **CRONOLOXÍA:** 1944. s. XX.
- **DIMENSIONÍS:** 30 x 39 cm
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo, montado sobre aglomerado
- **CARACTERÍZASE:**
- **OUTRAS OBRAS:**

## A autora

Frida Kahlo (1907-1954) foi unha pintura mexicana recoñecida polos seus famosos autorretratos surrealistas.

México e a súa vida son as influencias máis notables da súa obra. Aínda que o surrealismo considerábaa coma parte do movemento, ela sempre se amosou reticente, xa que dicía que ela non pintaba soños, senón que pintaba a súa vida.

A súa vida estivo marcada pola súa mala saúde, os efectos que lle deixou a polio que tivo na súa infancia e, sobre todo, o grave accidente de autobús os 18 anos de idade que a deixou con secuelas permanentes.

Vai ser durante o período de convalecencia cando realice as súas primeiras obras artísticas.

A súa obra reflicte a dor e a loita contra as secuelas físicas, nas que vai combinar elementos da súa vida persoal, da identidade mexicana e da natureza.

Cómpre salientar tamén a enorme influencia que tivo na súa vida, e na súa obra, a súa relación con Diego Rivera, co que casou en varias ocasións, e con que viviu unha tormentosa relación.

Frida Kahlo atopou na arte o seu xeito de expresar a dualidade entre os soños e a realidade.

Na súa obra:

- Rescata as raíces da arte popular mexicana, explorando temas como o xénero, a clase e a sociedade nas súas pinturas autobiográficas.
- Ten moita importancia na súa obra a súa condición de muller, rompendo tabús e amosando o corpo e a sexualidade feminina.
- Como fixera Dalí, vai crear unha personaxe, Frida, característica polo seu xeito de vestir e maquillarse, coas vestimentas indíxenas, negándose a depilar (cellas e bigote).
- A pesar de sufrir una saúde precaria, Kahlo atopou na pintura o xeito de expresar a súa dualidade entre soños e realidade.
- O seu legado artístico foi recoñecido internacionalmente.

## Análise

Estamos ante un **autorretrato** que combina elementos realistas co simbolismo surrealista, na busca de expresar a dor física e emocional da artista.

- Amosa á artista seminúa cunha columna xónica fragmentada (representa a súa columna vertebral), rodeada por un corsé ortopédico e cuberta parcialmente por unha saba.

Poderíamos encadrala dentro do **surrealismo**, xa que:

- Caracterízase por representacións oníricas, irracionais e subconscientes, onde a realidade mestúrase co imaxinario. Aquí o vemos na representación simbólica da columna rota e noutros elementos.

Mais hai quen ve tamén:

- Influencia do expresionismo.
- Influxo do primitivismo, pola súa inxenuidade á hora de pintar.

Busca plasmar a súa dor física e emocional.

### **Simbolismo:**

- Amósase de fronte, amosando o corpo aberto:
- Columna xónica (feminina) fracturada:
  - Símbolo da dor do accidente e do dano irreparable.
  - Fraxilidade e posibilidade de desmoreamento.
- Cravos que atravesan o corpo:
  - Dor física e emocional.
- Posición firme:
  - Certa mensaxe de esperanza, quizais soñando cunha mellora a pesar da adversidade. Tamén pode interpretarse como símbolo de resignación e estoicismo, buscando sacar beleza de onde non a pode haber (como auga da paisaxe desértica do fondo).

### **Técnica e estilo:**

- Realismo: técnica detallada.
- Cores vibrantes.
  - Para ela o uso de determinadas cores estaba cargado de simbolismo.

En resumo,

- Representación impactante da dor física e emocional da artista.
- Cada elemento ten un simbolismo que busca transmitir a loita interna e a fortaleza da artista fronte ás adversidades da súa vida.

# 14. A verbena



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** \*A verbena.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (MNCARS), Madrid. España  
<https://www.museoreinasofia.es/coleccion/obra/verbena>
- **AUTOR:** *Maruja Mallo* (Ana María Gómez González)) (Viveiro, Lugo, 1902 - Madrid, 1995)
- **TEMÁTICA:** Festa popular.
- **ESTILO:** \*Surrealismo.
- **CRONOLOXÍA:** 1927. s. XX.
- **DIMENSIONÍS:** 119 x 165 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:**
- **OUTRAS OBRAS:**

## A autora

Galega, estuda Belas Artes na Real Academia de San Fernando (Madrid), onde coincide con artistas emerxentes (Lorca, Buñuel, Dalí, Alberti)

- Coñeceu o surrealismo en París (Breton), entusiasouse pola estética desta vangarda, polo que se lle inclúe neste grupo pictórico.

Exiliouse tras a GC a Arxentina, até volver en 1965.

Obra pouco apreciada na ditadura.

Etapas moi diversas:

- Serie escura das Cloacas e campanarios.

- Cultos americanos.
- A fauna real e fantástica,
- Retratos femininos.

Importancia a partir dos anos 80, con exposicións, até a súa morte en 1995.

## Análise

- Obra da 1ª etapa.
- Primeira exposición: óleos destinados a festas populares (1928).
- Estilo vivo e colorido (fauvismo).
- Figuras acumúlanse nunha escena recargada, caótica e dinámica.
- Composición responde a deseño previo (malia aparencia caótica):
  - Dúas diagonais que forman 2 triángulos ao cruzarse, dentro dos que se sitúan un gran número de motivos.
- Figuras:
  - 2 parellas de xigantes
  - Na parte inferior - centro: dúas mozas bailando con ás.
  - Esquerda: estraño e alguén que pide esmola coa guitarra.
  - Dereita: mariñeiros.
  - Dereita e no fondo: pintora (homenaxe a Velázquez?).
- Tamén atraccións típicas de festas.
- Ambiente caótico, surreal: adscrición ao **surrealismo**.
  - Influencias FUTURISMO.
  - Superposición de planos do CUBISMO.
  - SIMBOLISMO: anxos e mariñeiros, críticas á sociedade tradicional.
    - Visión do popular desde posicionamento elitista e intelectual.
- Óleo sobre lenzo, de grandes dimensións: PINTURA MURAL.

- Evocar festa popular, non realista, senón ton lírico e teatral.

## 15. A chave dos campos



# FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** A chave dos campos.
- **LOCALIZACIÓN:** Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid. España.
- **AUTOR:** *René Magritte* (1898-1967)
- **TEMÁTICA:** Paisaxe
- **ESTILO:** \*Pintura vangardista. Surrealismo.
- **CRONOLOXÍA:** 1936. s. XX.
- **DIMENSIÓNS:** 80 x 60 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** Exemplo de cuestionamento da realidade.
- **OUTRAS OBRAS:** *A traizón das imaxes* (1929), *Os amantes* (1928).

## O autor

René Magritte (1898-1967). Pintor belga considerado figura central do movemento surrealista.

- Formado en Bélxica, a súa obra estivo influenciada polo estilo impresionista, o futurismo e o cubofuturismo.
- O descubrimento da pintura metafísica de Giorgio de Chirico en 1922 marcou un punto de inflexión na súa carreira, desenvolvendo un estilo surrealista propio, caracterizado pola asociación absurda de obxectos pintados dun xeito realista.
- En 1927 viaxa a París, onde vai colaborar co grupo surrealista liderado por André Breton.

- Volve a Bruxelas, onde permaneceu ata a súa morte levando unha vida retirada, mantendo cara a fóra un aspecto de normalidade e certo aburguesamento.
- A vida do pintor, dedicada exclusivamente á arte, é reflexo da súa obra, espello dos seus cadros, cuxo verdadeiro obxectivo, a pesar das aparencias de banalidade, é a referencia a algo oculto, a inseguridade fronte ao secreto, a evocación do misterioso.
- Con todo, Magritte é considerado un artista independente que non quería vincularse a un movemento en particular, cun estilo surrealista persoal que explorou a relación entre a linguaxe e os seus obxectos.

## Análise

Estamos ante unha das obras máis enigmáticas e representativas do estilo surrealista de Magritte.

- Cuestiona a nosa percepción da realidade a través dunha escena aparentemente simple mais profundamente simbólica.

### **Tema: paisaxe:**

- A obra presenta unha xanela aberta verticalmente, cunha barra metálica da que colga unha cortina vermella recollida aos lados.
- A través da xanela, albíscase un campo cun camiño parcialmente cuberto pola vexetación, dominado por herbas ralas, arbustos e un pequeno grupo de árbores con toques violetas e maxenta.
- Con todo, a escena vese interrompida por unha serie de fragmentos de vidro rotos que flotan no aire, como se algo os golpease desde o exterior. Estes pedazos non parece alterar a tranquilidade da paisaxe exterior.

- Aparece o cristal da xanela en pedazos e estes misteriosamente non son transparentes como os que aínda quedan prendidos ao marco, senón que permanecen fieis á imaxe diante do cal se atopaban en forma de lámina transparente.

### **Cuestionamento da realidade:**

- Magritte fainos dubidar da identidade do propio cadro: a paisaxe que cremos ver tras a xanela non é máis real que o do cristal, é un conxunto de manchas que confundimos cunha paisaxe.
- A xanela, símbolo da pintura, convértese nun elemento clave para explorar a relación entre o representado e o real
  - Magritte pregúntase se o que vemos na pintura é máis real que a propia realidade. Desafía os límites entre a representación e a experiencia directa.
  - O cadro obriga a preguntarnos se o que vemos no exterior existe realmente ou é só unha mera ilusión do noso mundo interior.

### **Surrealismo:**

- Vese o estilo surrealista de Magritte, caracterizado pola combinación de elementos realistas con situacións e obxectos incongruentes.
- Utiliza recursos como a animación do inanimado, as metamorfoses e a mestura de elementos dispares para crear unha atmosfera onírica e desconcertante.
- Desafía o espectador a ir alén do visible e cuestionar a natureza da realidade.

As paisaxes de MAGRITTE son boa parte da súa obra, nun primeiro momento parecen ser facilmente comprensibles.

O modo de pintar, «realista», propio da pintura de carteis, a súa maneira de compoñer, clara e sinxela, e a súa concentración no esencial actúan como unha

linguaxe obvia e sen sentido oculto. Unha análise máis detida revela a ambigüidade da obra.